



III XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

03 de FEBREIRO de 2018

A Delegación Lucense de atletismo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 1ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO en pista cuberta, o **SÁBADO 03 de febreiro de 2018, en xornada de mañá e tarde**, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **cadete a veteranás**.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 10€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata **as 22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.
Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. Non se homologarán artefactos o mesmo día da proba.

Art. 6. O **acceso ao módulo** será **restrinxido**, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un **email** a delegacionfgalugo@gmail.com ata o martes 30 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.



Art. 7. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 8 FINALES 60 M.L. Clasificaránse para a final as 18 mellores marcas das series previas.

Art. 9. HORARIO

HOMES	HORA	MULLERES
HORARIO MAÑÁ		
	12:30	600 ml (cad)
600 ml (cad)	12:40	
	12:50	400 ml (xuv - sen)
400 ml (xuv - sen)	13:00	
	13:15	3000 ml (cad - sen)
3000 ml (cad - sen)	13:30	
	13:50	800 ml (xuv - sen)
800 ml (xuv - sen)	14:00	
HORARIO TARDE		
LONXITUDE (cad - sen)	17:00	ALTURA (cad - sen)
60 mv cad (0.91)		
60 mv xuv (0.91)	17:10	
60 mv xun (0.99)	17:20	
60 mv sen (1.06)	17:20	
	17:30	60 mv (0.76)
	17:45	60 mv (0.84)
60 ml - (cad - sen)	18:00	
ALTURA (cad - sen)	18:30	LONXITUDE (cad - sen)
	18:45	60 ml - (cad - sen)
60 ml - FINAL A,B,C	19:50	
	20:00	60 ml - FINAL A,B,C

Art. 10. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

Art. 11. Será obrigatorio a presentación na **CÁMARA DE CHAMADAS** debidamente acreditados con licenza, DNI, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

HORARIO DE PECHE CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 15' antes da hora oficial da proba
Concursos (agás pertega): 30' antes da hora oficial da proba
Pértega: 45' antes da hora oficial da proba

Art. 12. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



En Lugo, a 20 de decembro de 2017

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez

Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:



COLABORAN:

